



## LISTA DE ASISTENTES

### EQUIPO DE GOBERNO:

Area Carracedo, Iván  
 Cabeza Pereiro, M<sup>a</sup> Carmen  
 Cidrás Pidre, José  
 Fernández Pulpeiro, Ana  
 Gago Rodríguez, Alberto  
 Gálvez Gálvez, Juan Francisco  
 García Pino, Antonio  
 González Pillado, Esther M<sup>a</sup>  
 Hernández Sánchez, Jesús  
 Membiela Iglesia, Pedro  
 Montero Muñoz, María  
 Reigosa Roger, Manuel Joaquín  
 DECANOS/DIRECTORES:  
 Cid Fernández, Xose Manuel  
 Garrido Valenzuela, Irene  
 Pena Rodríguez, Alberto  
 Pereira Domínguez, Alejandro  
 Pérez Losada, Fermín E.  
 Sueiro Justel, Joaquín  
 Vidal Vázquez, Ricardo

### PDI-A:

Barcia Rodríguez, Ignacio  
 Domínguez Martín, Jorge  
 Legido Soto, José Luis  
 Liz Marzán, Luis Manuel  
 Ramos Cabrer, Manuel  
 Rodríguez Berrocal, Francisco Javier

### PDI-B

Diéguez Castrillón, M<sup>a</sup> Isabel

### ESTUDANTES

Campos Casal, Jacobo  
 Fariñas Valiña, Iago  
 PAS

Bernal Gómez, Rosa  
 Mollinedo Lois, Carlos

### CONSELLO SOCIAL:

Molares Pérez, Lucía

### DESCULPAN ASISTENCIA

Cruces Colado, Susana  
 González Piñeiro, Luis  
 Martínez Ínsua, Ana Elina  
 Ortiz Torres, Luis  
 Vivas Martínez, Carlos

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 23 de xaneiro de dous mil oito, convocada para as 9:30 horas en primeira convocatoria e as 10:00 horas en segunda, na Sala de Xuntas da Reitoría

O mércores, día 23 de xaneiro de 2008, ás 10:10 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 18 de decembro de 2007.
  2. Informe do reitor.
  3. Aprobación, se procede, da composición da comisión de selección prevista no Programa Especial de Promoción do Persoal Docente e Investigador, aprobado no Consello de Goberno do 18 de decembro de 2007.
  4. Aprobación, se procede, da proposta de premios extraordinarios de fin de carreira.
  5. Aprobación, se procede, da proposta de premios extraordinarios de doutoramento.
  6. Información de modificacións do orzamento mediante xeracións de crédito.
  7. Aprobación, se procede, de axudas de Extensión Universitaria para o ano 2008.
8. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio de colaboración coa Consellería de Innovación e Industria, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña para a implantación do título de doutor no posgraoo oficial en dirección e planificación do turismo - Convenio de colaboración coas Universidades de Santiago de Compostela e da Coruña para a aprobación do plan de estudos de posgraoo interuniversitario en acuicultura - Convenio de colaboración coas Universidades de Santiago de Compostela e da Coruña para a participación de centros externos no POP interuniversitario en acuicultura - Convenio de colaboración coas Universidades de Santiago de Compostela e da Coruña para a aprobación do plan de estudos de posgraoo interuniversitario en política lingüística e planificación da lingua galega - Convenio de colaboración coa Universidade de Santiago para a aprobación do plan de estudos de posgraoo interuniversitario en edición - Convenio de colaboración coa Universidade da Coruña para a aprobación do plan de estudos de posgraoo interuniversitario en dirección integrada de proxectos

- Convenio de colaboración coas Universidades de Santiago de Compostela e a Coruña, a CRTVG, a Consellería de Innovación e Industria, a Fundación Cidade da Cultura Galega e a Secretaría Xeral de Comunicación para a dixitalización dos medios públicos de comunicación de Galicia - Convenio marco de colaboración coa Universidade Nacional de Trujillo (Perú) - Convenio marco coa Universidade Nacional de An-Najah (Palestina).

## 9. Rogos e preguntas.

**Punto 1.** Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 18 de decembro de 2007.

Apróbase por asentimento.

## **Punto 2.** Informe do reitor.

Inicia o seu informe coa noticia de que xa está no seu posto de traballo a nova xerente, Ana Fernández Pulpeiro e tamén o vixerente de Planificación e Xestión Económica, D. Alberto Baz López, mentres que os restantes membro do equipo se incorporarán proximamente.

En segundo lugar, informa ao Consello de Goberno de dous dos temas tratados na xuntanza do Consello Galego de Universidades celebrado o pasado 19 de decembro de 2007.

a) Por unha banda, preséntase a estimación feita polo Ministerio de Educación e Ciencia respecto das necesidades futuras de especialistas en Medicina. Considerando as carencias por tipoloxía de especialidade e as previsións de xubilación, estímase que será necesario un incremento de 2.000 prazas de novo ingreso nas Facultades de Medicina do sistema universitario español para o vindeiro quinquenio. Estas previsións servirán de referencia para a fixación de numerus clausus por Comunidade Autónoma para o período cuberto por esa estimación.

b) Por outra, a Conselleira de Educación confirmou ao Consello a iniciativa de elaborar un novo Plan de Financiamento para o Sistema Universitario Galego. Os seus obxectivos preferentes son :

- Estender o seu período de vixencia ata 2013.

- Acadar o 1,5% do PIB en gasto universitario total, ou o 1% en financiamento universitario directo.

Ademais, preténdese que o novo plan estea listo no vindeiro mes de xuño, para que aos seus efectos poidan notarse por primeira vez xa no orzamento de 2009.

En terceiro lugar, lembra algúns asuntos e fitos relacionados coa acreditación do profesorado, que pode ser de interese:

O 5 de decembro pasado o BOE publicou o acordo do Consejo de Universidades polo que se designan os membros das Comisións de Acreditación Nacional.

Fai unha semana, a ANECA fixo público o contido básico do Programa ACADEMIA, aplicación informática que permite aos profesores interesados facer as solicitudes de avaliación. Simultaneamente, a ANECA colgou na súa páxina web dous documentos, denominados “*Guía de Ayuda*” e “*Principios y Orientaciones para la aplicación de los criterios de Evaluación*”, que resultarán de inestimable axuda para todos os solicitantes.

Os interesados poderán presentar as súas solicitudes a partir do día 28 da vindeira semana, aínda que a convocatoria de acreditación permanecerá aberta todo o ano.

A Universidade está comezando a emitir os certificados de adicación docente anual e de calidade da actividade docente que lles demandan as normas da acreditación a partir dos datos de enquisas e VAD que obran no poder da universidade. Ten interese que isto sexa coñecido polos potenciais interesados para que contengan a cobertura deste trámite.

En cuarto lugar, comunica as noticias existentes con respecto aos novos graos. Previsiblemente, na xuntanza do Consello Galego de Universidades que deberá celebrarse na primeira quincena do mes de febreiro haberá noticias respecto das titulacións do SUG que promoven a súa transformación aos novos títulos de grao, na primeira etapa prevista para títulos exclusivos. As noticias que se teñen son que a USC quere presentar novos Graos en Ciencias Políticas e Matemáticas, da UDC non se teñen noticias fidedignas. A Universidade de Vigo presentará o novo grao en Belas Artes, que como xa foi indicado pola Vicerreitoría de Titulacións, ten o plan de estudos a exposición pública ata o vindeiro 29 de xaneiro. Na vindeira convocatoria do Consello de Goberno teranse noticias precisas de cómo se desenvolveu esta primeira etapa do proceso de reforma.

Por último, coa finalidade de facilitar a organización dos debates, para que as intervencións dos membros do Consello de Goberno sexan recollidas coa maior fidelidade posible e coa pretensión de que elo evite posibles dúbidas e discusións innecesarias a posteriori sobre o contido das actas, informa de que acaba de asinar unha Resolución Reitoral pola que se establece que todo membro do Consello de Goberno que teña interese en que as súas intervencións consten de xeito literal, deberá achegar o texto correspondente antes de que finalice a sesión na que se produzan.

Ábrese unha quenda de intervencións.

Intervén o Prof. Legido, quen pese a considerar que non existe ningún problema coas actas do Consello de Goberno, manifesta o seu acordo con esta decisión, pero sinala que esa intervención por escrito que se achega no propio Consello de Goberno debería ser lida ao final da propia sesión. Ao que se asinte polos membros do Consello de Goberno.

**Punto 3.** Aprobación, se procede, da composición da comisión de selección prevista no Programa Especial de Promoción do Persoal Docente e Investigador, aprobado no Consello de Goberno do 18 de decembro de 2007.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado quen sinala que a convocatoria deste programa prevé no seu apartado 4 que a comisión de selección estará formada por oito profesores dos corpos docentes universitarios (dous por ámbito) e catro suplentes (un por ámbito). A proposta que se fai está composta polos seguintes profesores:

**Presidente:** Antonio García Pino. Vicerreitor de Organización Académica e Profesorado

**Ámbito Tecnolóxico:**

Antonio Barreiro Blas	C.U.	Enxeñaría de Sistemas e Automática	VIGO
Javier Taboada Castro	C.U.	Explotación de Minas	VIGO
<u>Suplente:</u>			
Fernando Pérez González	C.U.	Teoría do Sinal e Comunicaci3ns	VIGO

**Ámbito Científico:**

Armando Caballero Rúa	C.U.	Xenética	VIGO
Jesús Simal Gándara	C.U.	Nutrici3n y Bromatoloxía	OURENSE
<u>Suplente:</u>			
Luis Liz Marzán	C.U.	Química Física	VIGO

**Ámbito de Humanidades:**

Elena Sánchez Trigo	C.U.	Traduci3n e Interpretaci3n	VIGO
Victoria Carballo-Calero Ramos	C.U.	Historia da Arte	OURENSE
<u>Suplente:</u>			
Arturo Leyte Coello	CU	Filosofía	VIGO

**Ámbito Xurídico-Social:**

Javier de Vicente Remesal	C.U.	Dereito Penal	VIGO
José Carlos Arias Moreira	C.U.	Economía Aplicada	VIGO
<u>Suplente:</u>			
Dolores Garza Gil	T.U.	Economía Aplicada	VIGO

Apróbbase por asentimento a proposta presentada.

**Punto 4.** Aprobaci3n, se procede, da proposta de premios extraordinarios de fin de carreira.

Cédese a palabra á secretaria xeral quen sinala que se trata da aprobaci3n do listado dos premiados propostos pola Xunta de Centro de cada titulaci3n de acordo co previsto no Regulamento de Premios Extraordinarios de Fin de Carreira.

Apróbbase por asentimento o listado de premiados que consta no **anexo I**.

**Punto 5.** Aprobaci3n, se procede, da proposta de premios extraordinarios de doutoramento.

Cédese a palabra a secretaria xeral quen exp3n que trátase de aprobar a asignaci3n de premios extraordinarios de doutoramento propostos polas correspondentes comisi3ns e remitidos pola Comisi3n de Estudos de Posgrao.

Apróbase por asentimento o listado de premiados que consta no **anexo II**.

**Punto 6.** Información de modificacións do orzamento mediante xeracións de crédito.

Cédese a palabra á xerente quen, de acordo co art. 4 das normas de execución orzamentaria para o exercicio 2007 da conta ao Consello de Goberno de todas as xeracións de créditos feitas ao abeiro de convenios ou resolucións de entidades públicas dende o 1 de xullo ao 31 de decembro de 2007.

Apróbase esa información.

**Punto 7.** Aprobación, se procede, de axudas de Extensión Universitaria para o ano 2008.

Cédese a palabra á vicerreitora de Extensión Cultural e Estudiantes quen expón o contido da convocatoria destacando coma novidade que a resolución das convocatorias vai estar descentralizada nos distintos campus, a través dos correspondentes Consellos de Campus.

Intervén o Prof. Legido quen sinala que deberían estenderse as axudas a outro tipo de asociacións e non exclusivamente ás que sexan de estudantes.

A vicerreitora de Extensión Cultural e Estudiantes resposta que as axudas están pensadas na súa orixe para activar a participación das asociacións de estudantes e unha asociación doutro carácter debería estar prevista noutra convocatoria diferente e non configurarse como unha extensión da convocatoria actual.

Debátese sobre o tema entre o Prof. Legido e a vicerreitora sobre a posibilidade de arbitrar sistemas e formas de actuación de asociacións diferentes ás de estudantes.

Conclúe a Vicerreitora que estudará o tema das asociacións distintas ás de estudantes e a posibilidade incorporalas noutras convocatorias de axudas.

Apróbanse por asentimento as axudas que se recollen no **anexo III**.

**Punto 8.** Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio de colaboración coa Consellería de Innovación e Industria, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña para a implantación do título de doutor no posgrao oficial en dirección e planificación do turismo - Convenio de colaboración coas Universidades de Santiago de Compostela e da Coruña para a aprobación do plan de estudos de posgrao interuniversitario en acuicultura - Convenio de colaboración coas Universidades de Santiago de Compostela e da Coruña para a participación de centros externos no POP interuniversitario en acuicultura - Convenio de colaboración coas Universidades de Santiago de Compostela e da Coruña para a aprobación do plan de estudos de posgrao interuniversitario en política lingüística e planificación da lingua galega - Convenio de colaboración coa Universidade de Santiago para a aprobación do plan de estudos de posgrao interuniversitario en edición - Convenio de colaboración coa Universidade da Coruña para a aprobación do plan de estudos de posgrao interuniversitario en dirección integrada de proxectos - Convenio de colaboración coas Universidades de Santiago de Compostela e a Coruña, a CRTVG, a Consellería de Innovación e Industria, a Fundación Cidade da Cultura Galega e a Secretaría

Xeral de Comunicación para a dixitalización dos medios públicos de comunicación de Galicia - Convenio marco de colaboración coa Universidade Nacional de Trujillo (Perú) - Convenio marco coa Universidade Nacional de An-Najah (Palestina).

Apróbanse por asentimento.

**Punto 9. Rogos e preguntas.**

Intervén o Sr. Fariñas para facerlle dous rogos ao vicerreitor de Relacións Institucionais: dunha parte, que se celebre un acto de benvida aos alumnos erasmus nos tres campus todos os anos; doutra, que a Oficina de Relacións Internacionais se cubra cun técnico e non cun labora, que poida dar unha maior asistencia aos erasmus.

Por último, refírese tamén ao coro universitario e solicita que se lle dea un impulso ao mesmo para que teña outra proxección e que estea dispoñible todo o ano.

Intervén o Sr. Campos quen reitera novamente a súa petición de que se poñan enchufes para os ordenadores na sala.

O vicerreitor de Planificación resposta que xa está pedida a súa instalación pero que existen dificultades de tipo técnico.

Éntrase nun debate sobre o tema entre o vicerreitor de Planificación, o Sr. Campos, o Prof. Legido e o reitor onde se expón a posibilidade de que se poñan a disposición dos membros do Consello de Goberno, portátiles para utilizar durante as sesións.


E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 10:35 horas do día 23 de xaneiro de 2008 da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e prace do reitor

O reitor

  
Alberto Gago Rodríguez



A secretaria xeral

  
Esther Mª González Pillado

